ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.
CURSO 2021/2022

CENTRO: IES SANTA IRENE (VIGO)
CURSO: 2º BACHARELATO
MATERIA: RELIXIÓN CATÓLICA
DEPARTAMENTO: RELIXIÓN CATÓLICA
DATA: 04-2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

1. Criterios sobre a avaliación e cualificación	
1º Avaliación	**<u>Cálculo da nota da 1º avaliación</u>**: ○ Relativos a técnicas e hábitos de estudo (80%): - Destreza na elaboración de esquemas, síntese, resumos e traballos bibliográficos. - Levar ao día e entregar con puntualidade os traballos da materia. - Observar boa caligrafía e limpeza no traballo de clase e demais traballos. -A realización das tarefas que o profesor manda para casa e a valoración positiva de traballos por iniciativa propia. ○ Relativo ao comportamento, actitude e asistencia (20%): - A disposición de traballo activa e participativa (en calidade de membro ou voceiro) no grupo. - Asistencia a clase cos materiais necesarios. - Manter en clase unha conduta correcta. - Respecto aos compañeiros, profesores, instalacións e materiais do instituto. - Esmero na presentación do caderno e traballos. -Observar boa caligrafía e limpeza no traballo de clase e demais traballos.
	<u>Procedemento de recuperación da 1º avaliación</u>: Entrega dos traballos pendentes da avaliación ou realización de traballos de recuperación dos contidos suspensos. A nota terá que ser igual ou superior a cinco.
2º Avaliación	**<u>Cálculo da nota da 2º avaliación</u>**: * Seguiranse os mesmos criterios que na 1ª avaliación.
	<u>Procedemento de recuperación da 2º avaliación</u>: Entrega dos traballos pendentes da avaliación ou realización de traballos de recuperación dos contidos suspensos. A nota terá que ser igual ou superior a cinco.
3º Avaliación	**<u>Cálculo da nota da 3º avaliación</u>**: * Seguiranse os mesmos criterios que nas outras avaliacións.
	<u>Procedemento de recuperación da 3º avaliación</u>: Entrega dos traballos pendentes da avaliación ou realización de traballos de recuperación dos contidos suspensos. A nota terá que ser igual ou superior a cinco.
Cualificación final	**<u>Cálculo para obter a cualificación final de curso:</u>** Media das tres avaliacións parciais (90 %) máis un 10 % que se sacará das actividades de ampliación (no caso dos aprobados) Media das tres avaliacións parciais unha vez recuperadas as partes suspensas coa proba ou os exercicios de reforzo (caso dos suspensos). A nota terá que ser igual ou superior a cinco.

Proba extraordinaria para BAC	Consistente en: O alumnado que non acade unha cualificación positiva na avaliación ordinaria, poderá presentarse no mes de xuño a unha proba de avaliación presencial ou entregará un traballo de investigación sobre os contidos desenvolvidos nas avaliacións. Para superar a materia o alumno deberá obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10.
Alumnado de materia pendente	Non hai alumnado con materia pendente.

2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC

(**Preparación probas extraordinarias e avaliación de acceso á universidade)**

Metodoloxía	- Seguimento das actividades de consolidación, reforzo, ampliación ou recuperación e preparación da proba extraordinaria, programadas en función dos contido do curso e dás necesidades do alumnado. Estas actividades incidirán nos estándares de aprendizaxe e nas competencias clave adaptándose á diversidade do alumnado. - Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nas avaliacións parciais, ofreceránselle actividades para adquirilas e poder superar a materia utilizando materiais debidamente adaptados as necesidades do alumnado. - O alumnado que aprobou as avaliacións parciais realizará actividades de repaso, reforzo e ampliación sobre as aprendizaxes desenvolvidas nas avaliacións parciais. - A ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado. - Promover o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta para a procura e tratamento de información.
Actividades tipo	Actividades de temática adaptada ás necesidades do alumnado co obxectivo de afondar, ampliar, reforzar ou recuperar e preparar a proba extraordinaria, dos contidos desenvolvidos nas avaliacións parciais mediante: - A resolución de tarefas e a elaboración de traballos de investigación, actividades interactivas, cuestionarios diversos (resposta aberta ou pechada, múltiple, completar, ...), ensaios.
Materiais e recursos	Disporemos de diversos materiais e múltiples recursos que posibilitarán a realización das actividades programadas, tanto individuais como en grupo. Utilizaremos os materiais sinalados na programación así como os recursos dispoñibles na Biblioteca e as plataformas online propostas pola Xunta, empregando tamén o TIC´s (lecturas, documentais, artigos xornalísticos, noticias, materiais de sensibilización sobre temas sociais transversais, etc.)